



- 1 -

EXPEDIENTE 101/2018/4 - INSTRUCCION CONTRATO MENOR LEY 9/2017 DE CONTRATOS DEL SECTOR PÚBLICO
DOCUMENTO 10112I00KQ

María Eugenia Vieito Blanco, concelleira-secretaria da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o seis de abril do 2018, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Contratación

.- Instrución 1/2018 do Concello da Coruña relativa aos contratos menores ante a nova Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

O Concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema Suárez, toma a palabra e solicita que o acordo proposto incorpora unha rectificación no apartado 3 do anexo de cara a substituír a mención ao orzamento base de licitación e o seu desglose en valor estimado e IVE polas mencións a importe de adxudicación con IVE e sen IVE, máis axeitadas á adxudicación directa da contratación menor.

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e a modificación proposta**, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

INSTRUCCIÓN 1/2018 DO CONCELLO DA CORUÑA RELATIVA AOS CONTRATOS MENORES ANTE A NOVA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVIEMBRE, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello



2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), introduce novidades importantes na regulación do contrato menor, reducindo a contía e os tipos de contratos nos que se pode empregar a figura e impondo novos trámites (artigos 29.8, 36.1, 37.2, 63.4, 131.3, 153.2 y 6, 154.5, 308.2, 335.1, 346.3, disposición adicional 9ª e final 1ª).

Á vista das dúbidas suscitadas a nivel doutrinal para a súa aplicación práctica, de conformidade co artigo 124.4 g) e 126.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e Disposición Adicional segunda apartado 4 da LCSP, dítanse as seguintes instrucións:

PRIMEIRA.- ALCANCE, LÍMITES E REQUISITOS DA CONTRATACIÓN MENOR:

- 1.- Unicamente poden adxudicarse directamente mediante contratos menores os contratos de **obras, servizos e subministracións**.
- 2.- Os **contratos menores** deben ser utilizados para **satisfacer necesidades puntuais, esporádicas ou urxentes, concretas e perfectamente definidas**. Polo tanto, **non** pode ser utilizada esta modalidade contractual para atender **necesidades periódicas e previsibles**¹.
- 3.- O **valor estimado** dos contratos menores de obras **non** pode **superar os 40.000 €** (sen IVE) e os de servizos e subministracións **15.000 €** (sen IVE).
- 4.- A **duración** dos contratos menores **non** pode ser **superior a un ano**, **nin** ser obxecto de **prórroga**.
- 5.- Non se requirirá de solicitude de ofertas nin publicidade no **Perfil do contratante** para a **tramitación de contratos menores**.

¹Na tramitación parlamentaria foron rexeitadas dúas emendas dirixidas a explicitar estas esixencias no articulado. As emendas foron rexeitadas, pero a doutrina dos órganos de fiscalización externa, dos órganos consultivos e dos propios tribunais debe ser considerada igualmente (vgr. Informes do Tribunal de Contas 1044/2014, 1151/2016, 1189/2016; informe da Comisión Consultiva de Contratación Pública de Andalucía 2/2016, entre outros).



A fiscalización dos contratos menores pola Intervención xeral non se producirá ata a tramitación da fase de recoñecemento das obrigacións.

6.- Debe quedar **acreditado** no expediente que **non se utiliza fraudulentamente a contratación menor**, de acordo co disposto na instrución segunda e no Anexo da presente Instrución.

A ditos efectos, debe terse en consideración o seguinte:

- a) Co contrato menor non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación:
 - i. Non se está a fraccionar² o obxecto do contrato coa finalidade de non superar as cifras establecidas no artigo 118.1 da LCSP no exercizo orzamentario.
 - ii. Non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.
- b) Non estando nun suposto de alteración do obxecto, o contratista proposto NON subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no artigo 118.1 LCSP no exercizo orzamentario.

SEGUNDA.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA DOS CONTRATOS MENORES:

1.- O expediente administrativo dos contratos menores deberá conter os seguintes trámites:

- a) Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.
- b) Xustificación de que non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no artigo 118.1

² En canto ao fraccionamento do obxecto contractual servan de exemplo os Informes da Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado 12/2015, 6/2016 ou os tantas veces citados nos Informes da Intervención municipal 4/2010 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Baleares e 14/2014 da Junta Consultiva de Contratación Administrativa da Generalitat de Catalunya



- 4 -

LCSP no mesmo exercizo orzamentario.

- c) No caso de contrato menor de obras:
 - i. Orzamento das obras
 - ii. Proxecto de obras, cando sexa requirido pola normativa en vigor.
 - iii. Informe de supervisión cando afecte a estabilidade, seguridade ou estanquidade das obras.
- d) Aprobación do gasto e incorporación ao mesmo da factura correspondente.

2.- O informe e a xustificación a que se refiren as letras a e b incorporaranse ao “Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio” do procedemento de contratación, que deberá ser realizado de acordo co modelo que se inclúe como ANEXO á presente Instrución.

3.- A contratación menor tramitarase de forma descentralizada polos distintos Servizos.

4.- A tramitación realizarase exclusivamente a través do xestor de expedientes Opencertiac, a fin de poder obter de xeito automatizado:

- a) os datos necesarios para a publicación no Portal da Transparencia e no Perfil do Contratante;
- b) os importes acumulados por adxudicatario en contratos menores no exercizo orzamentario (para o exercizo 2018 a comprobación realizarase desde a data de entrada en vigor da LCSP, o 9 de marzo de 2018).

Os tramitadores deben cumprimentar todos os datos necesarios para a explotación da información a través dos campos suplementarios e estados (licitador/adxudicatario) dos interesados, figuren ou non como obrigatorios no xestor de expedientes.

Os campos que deberán estar en todo caso cubertos con carácter previo á tramitación da factura son os seguintes: obxecto, duración, importe de adxudicación sen IVE e con IVE, interesados no expediente co seu correspondente estado de licitador ou adxudicatario, data de adxudicación.



5.- A tramitación do expediente requirirá:

- a) A creación de expediente de contrato menor en Opencertiac desde as xestións orzamentarias, ou no seu caso, quen teña encomendada expresamente a función en cada servizo.
- b) A elaboración do documento administrativo “Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio” segundo o modelo que figuar como ANEXO, que deberá incorporar os informes, comprobacións e xustificacións recollidas nesta instrución.
- c) A fin de poder cumprimentar a xustificación prevista no parágrafo 1.b) desta instrución segunda, dispórase dunha aplicación de consulta no Portal de aplicacións para realizar a comprobación por CIF que reportará un informe relativo aos importes acumulados polo contratista no exercizo orzamentario. Enténdese a estes efectos por importe acumulado o que resulte da suma dos contratos menores adxudicados na anualidade orzamentaria ao mesmo operador económico, a cuxo fin, trala sinatura do “Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio” os xestores orzamentarios deberán cumprimentar todos os campos suplementarios referidos no parágrafo 4 desta instrución segunda.

Esta consulta, a incorporación do informe resultante ao expediente e a sinatura electrónica do mesmo será realizada polas xestións orzamentarias.

O documento administrativo “Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio” deberá ser asinado pola persoa que ostente a xefatura do servizo/Dr. de Área (segundo o reparto de funcións en cada Área de goberno) e o concelleiro/a ou director/a que actúe como órgano de contratación segundo as delegacións efectuadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de 30 de xuño de 2017 (BOP nº 132 do 13/07/2017).

Naqueles casos en que o servizo o entenda necesario, o documento poderá requirir dunha primeira sinatura do persoal técnico, a quen lle corresponde detectar a necesidade da contratación e valorar a existencia de fraccionamento do obxecto de



- 6 -

cara a propoñer outras alternativas de contratación, no seu caso.

6.- No caso de promover concorrência na licitación, esta realizarase en todo caso mediante procedemento aberto simplificado abreviado sempre que sexa posible en atención á prestación obxecto do contrato.

TERCEIRA.- PERFIL DO CONTRATANTE:

A partir do 9 de marzo de 2018 o Perfil do Contratante do Concello da Coruña está aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público do Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do artigo 347 apartados 2 e 3 da LCSP.

CUARTA.- CARÁCTER EXCEPCIONAL DO CONTRATO MENOR:

Dado o carácter excepcional do contrato menor, os servizos deberán promover as licitacións tradicionalmente tramitadas como contrato menor por procedemento aberto con ou sen división en lotes ou mediante sistemas de racionalización da contratación (acordo marco ou sistema dinámico de adquisición).

ANEXO

Informe de necesidade do contrato, xustificación e acordo de inicio

1.- O servizo municipal depropón realizar a seguinte actuación:

- Obra/Servizo/Subministración de.....

2.- Como órgano de contratación declaro que:

☐ o servizo non conta con medios humanos e materiais suficientes para a realización da actividade prevista (só contratos de servizos).



- 7 -

- ☐ o presente contrato é necesario para o cumprimento e realización das atribucións que corresponden a esta Área de goberno, concretamente:.....
.....
.....

3.- O importe da contratación da/s obras/servizo/subministración ascende a:

- Importe de adxudicación con IVE:.....€
- Importe de adxudicación sen IVE:.....€

4.- Analizada a proposta polo servizo, informouseme, de conformidade coa Instrución aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión/04/2018, que coa presente contratación:

a) Non se está a alterar o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación (deben marcarse ambas):

- ☐ Non se está a fraccionar o obxecto do contrato coa finalidade de non superar as cifras establecidas no artigo 118.1 da LCSP no exercizo orzamentario.

- ☐ Non se está a atender necesidades periódicas e previsibles.

b) Non estando nun suposto de alteración do obxecto:

Non estando nun suposto de alteración do obxecto:

- ☐ Constatouse na aplicación dispoñible no Portal de aplicacións que o contratista proposto (INTRODUCIR NOME.....)
NON subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no artigo 118.1 LCSP **no exercizo orzamentario.**



- 8 -

5.- Existe crédito na aplicación orzamentaria..... para financiar este gasto.

6.- (Outras xustificacións a xuízo do servizo).....

.....
.....

7.- No caso de contrato menor de obras:

- ☐ Orzamento das obras
- ☐ Proxecto de obras, cando sexa requirido pola normativa en vigor.
- ☐ Informe de supervisión cando afecte a estabilidade, seguridade ou estanquidade das obras.
- ☐
.....
.....

A Coruña, á data de sinatura electrónica do presente documento.

Por delegación da XGL

(BOP nº 132 13/07/2017)

O concelleiro/a delegado/a da Área de.....

Informado por,

Xefatura de Servizo/Dr. de Área de.....

(incorporar aqueles cargos que informan
con carácter previo á xefatura/dirección no seu caso)”

**E para que conste, expido a presente certificación, a reserva dos termos definitivos nos
que quede redactada a acta.**

A Coruña, a data de sinatura electrónica do presente documento